

REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS  
ACTA Nº6

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Yolanda T. Lesmes Romero

Vicexerenta de Recursos Humanos:

Noemi Sirera Diéguez

Director de Área:

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

XUNTA PTXAS

Carlos Mollinedo Lois (CIG) presidente

Rodrigo Alberte Pivida (CIG) secretario

Mª José Ríos Santomé (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rafael Ameneiro Bravo (CIG)

Remedios Lameiro Diéguez (CIG)

Victoria Alonso Crespo (CCOO)

Berta Covelo Rodríguez (CCOO)

Mª Nuria Andión Rodríguez (CCOO)

Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)

María Luísa Magaz Ledo (CCOO)

Patricia Sío Bacelo (CCOO)

Mª del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)

Natalia Cabaleiro Monteagudo (FOL)

Alejandro Martínez Gómez (FOL)

Álvarez Rodríguez Pablo (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 11:00 horas, do 09 de outubro de 2025, na Sala Manolo Ramos , coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Informe de Xerencia.
3. Peche da Convocatoria dos procesos selectivos para a execución das OEP 2023 e 2024.

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



4. Execución da sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº 00175/2024 e do TSX de Galicia nº 00833/2024.
5. Rolda de intervencións.

## DELIBERACIÓNS

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior (19.09.2025)

Como non constan alegacións, apróbase por unanimidade.

### 2. Informe de Xerencia.

A xerenta relaciona todos as ordes de contratación que se enviaron ao Servizo de PAS a principios do mes outubro.

Victoria Alonso pregunta como se van cubrir as prazas de axudantes de ABM porque está esgotada a lista de agarda ao que a xerenta lle responde que haberá que facer un proceso selectivo porque non se aceptou ningunha das alternativas para a disposición dos procesos propostos anteriormente pola Xerencia.

### Promoción Interna

A xerenta fai mención á intervención no espazo “O nove ás nove” na que unha das cuestións que se discutiron foi a promoción do grupo C2 ao C1. Quere deixar claro que o contexto no que se plantexa esta iniciativa é un contexto onde se presentou a OEP por parte da xerencia no mes de xullo. No último momento da negociación, o 30 de setembro, antes de enviala á Xunta de Galicia, este órgano presenta unha contraproposta que afecta á esencia da oferta sen tempo de calcular os custos nin madurar a súa repercusión. A Xerencia respondeu no seu momento que foi unha proposta presentada de xeito extemporáneo para este ano. Destaca tamén a importancia de ver toda a promoción en conxunto, é dicir, esta proposta afecta como mínimo a 240 persoas porque non só alcanza á subescala administrativa senón tamén a outras subescalas como Deportes ou Auxiliares de Servizos. O que a Xerencia respondeu foi que isto se debe plantexar con tempo suficiente para poder estudar todas as consecuencias da proposta. Hai que ter en conta que a Xunta de PTXAS levaba xa 6 meses constituída e puido ter formulado unha proposta conxunta de planificación de recursos humanos e non de cada órgano sindical por separado. Destaca que na promoción interna hai que resolver temas como cales son itinerarios profesionais porque non é desexable atoparse coas convocatorias impugnadas por falta de

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



definición de quen pode acceder pola vía de promoción interna pola mobilidade entre escalas e iso é algo que debe ser pactado. Resume que hai vontade de negociar, pero non é o momento e que mesmo a principios de ano se pode empezar a negociar, pero unha proposta de alcance tan grande resulta fóra de prazo para abordala,

Alejandro Martínez di que en PDI increméntase o cadro de persoal todos os anos e para o PAS todo son inconvenientes. A media de idade do PAS é de máis de 50 anos e se agora mesmo tardan outros 6 anos en promocionar, sitúanse en 56 anos e xa sen marxe para promocionar ao subgrupo A2. Considera absolutamente inadmisíble esta situación xa que en PDI si se fai o esforzo, polo que se senten con toda a lexitimidade a reclamálo.

A xerenta considera que efectivamente están totalmente lexitimados pero o que se dixo foi que a proposta era extemporánea. Lembra que tamén se dixo que non se negaba a negociar a OEP 2026 a principios do ano que vén.

## **Sentenza do 25 de setembro de 2025 do Xulgado do Social 7 de Vigo no Despido 476/2022 promovido por Rodrigo Cerviño Rodríguez**

A xerenta informa tamén da sentenza que se recibiu pola demanda de despido presentada por Rodrigo Cerviño Rodríguez. Di que é unha sentenza de instancia que declara a nulidade do despido e condena á universidade por violación de dereitos fundamentais. Vén a dicir que o cese desta persoa foi nulo porque houbo outras persoas do mesmo equipo directivo que continuaron no seu posto. Neste momento a sentenza está recorrida e está consignada a cantidade solicitada. Segundo a sentenza, as funcións non son directivas senón funcións de director de administración cun salario de 62.000€. Como a sentenza declara a nulidade debe ser inmediatamente executada, polo que a persoa está convocada para readmitirse o vindeiro mércores.

Alejandro Martínez pregunta en calidade de que se vai a readmitir.

A xerenta responde que se vai readmitir en calidade de director de administración. A sentenza determina que non exercía funcións directivas nin tiña capacidade de decisión polo que non é persoal directivo, entón a denominación do seu posto é director de administración cuxas funcións haberá agora que asignarlle sen prexuízo das condicións persoais que reconece a sentenza.

Alejandro Martínez pide que non se lle dean funcións exclusivas ao persoal funcionario, con acceso a todas as aplicacións, datos etc. Parécelle un despropósito nomear a alguén director de

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



administración cando non é persoal da administración. Pide tamén que se dea unha solución definitiva e urxente, incluíndo a praza en RPT e posteriormente convocándoa.

A xerenta concorda co exposto pero matiza en que non se pode convocar a praza ata que a sentenza sexa definitiva.

María José Ríos Santomé pregunta pola vinculación que vai ter coa administración.

A xerenta responde que será persoal laboral.

O presidente da Xunta PTXAS quere saber cantas persoas faltan por incorporar por mor da execución de sentenzas que declaran erros na contratación nos diferentes “chiringuitos” da universidade.

A xerenta é consciente de que cando a contratación bordea o límite da legalidade córrese un risco. Sobre o pasado non pode actuar e agora o que trata é evitar un prexuízo sobre os intereses económicos da universidade.

Patricia Sío pregunta se é certo que o contrato desta persoa era inicialmente de 40.000€ e posteriormente por Resolución Reitoral se lle incrementaron 20.000 € máis. Estase a cuestionar por motivos económicos a promoción de C2 a C1 pero de ser certo este rumor, non houbo reparo para este incremento salarial.

A xerenta responde que non lle consta esta información.

José Manuel García Eirín pide que se lles envíe a sentenza.

Nuria Andión indica que lle constan sentenzas nas que se recoñecen diferencias salariais e o persoal aínda non cobrou as cantidades. Pide que se lles envíen os datos das sentenzas pendentes de executar.

A xerenta non ve impedimento en achegar esa listaxe de sentenzas.

### 3. Peche da Convocatoria dos procesos selectivos para a execución das OEP 2023 e 2024.

A xerenta indica que se recibiron novas alegacións aos temarios. Na Escala de TS de Emprego e Emprendemento, no tema 21 négase a incluír documentos internos porque só pode acceder a comunidade universitaria, por cuestións de transparencia e libre acceso non se pode admitir.

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



Respecto da carteira de servizos son coñecementos xerais que un orientador laboral debe coñecer. Suprímese o tema das políticas de emprego para a inmigración e substitúese por Os servizos públicos de emprego na regularización laboral da inmigración; inscrición de persoas estranxeiras. No que se refire aos protocolos e procedementos da orientación laboral considera que se deben coñecer xa que son protocolos mínimos e básicos. Substitúense o Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo polo Observatorio de empregabilidade da Universidade de Vigo e non se vai esixir nada que non estea publicado. Finalmente acéptase a alegación recibida en materia de comunicación da contratación laboral.

Carmen Veleiro propón facer unha pequena bibliografía de orientación para que o opositor saiba por onde estudar o que esixe o temario.

A xerenta responde que iso suporía recortar a liberdade dos tribunais e avaliar segundo o seu criterio e non ten capacidade de comprometerse a iso.

No que se refire á estrutura da probas, a xerenta lembra que xa está pactada e acordada na última reunión mantida, polo que non se aceptan as alegacións recibidas.

José Manuel García Eirín entende a estrutura acordada para o grupo A pero non está de acordo con esa estrutura para os subgrupos C1 e C2 porque non vai ter unha responsabilidade no posto máis alá das propias responsabilidades técnicas, polo que insiste en que lle parece excesivo dúas probas.

A xerenta acepta o argumento e acorda xuntar os exercicios primeiro e segundo pero só para o grupo C (subgrupos C1 e C2). Neste caso habería que incrementar o número de preguntas que serían 120 para o Subgrupo C1 e 100 para o Subgrupo C2 cun peso de 65 % a parte específica e do 35% a parte común e un tempo de 150 min para o desenvolvemento da proba. No que se refire á valoración da fase de oposición e da fase de concurso, acéptase a proporción de 70%-30%.

#### 4. Execución da sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº 00175/2024 e do TSX de Galicia nº 00833/2024.

A xerenta respecta a proposta da Xunta PTXAS para que se computen a razón de 0,1137 puntos por mes completo de traballo, os servizos prestados noutras administracións. Isto supón unha secuencia de valoración do 50% menos entre cada un dos tres apartados de valoración de méritos. Está de acordo con esta proposta porque sigue unha lóxica e considera que pode

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



levarse adiante. Neste senso lembra o recollido na Sentenza do TSXG no fundamento 4º último parágrafo, ao recoñecer a discrecionalidade da administración pero vetando a arbitrariedade. O fundamento da proposta da Xunta PTXAS responde a unha lóxica secuencia de salto proporcional entre os apartados.

## 5. Rolda de intervencións.

O presidente da Xunta PTXAS di que hai tempo que se están pedindo o absentismo laboral sen ter resposta, polo que se ignora a necesidade da cobertura das prazas. Por exemplo en Belas Artes aínda se cubriu agora unha baixa do mes de xuño, é máis, chegouse a cubrir unha baixa por enfermidade cun interino por acumulación de tarefas.

A xerenta responde que a acumulación de tarefas enviado para substituír unha baixa, fíxose así dado que era urxente a cobertura dos postos mentres pechaban os chamamentos de longa duración.

O presidente da Xunta PTXAS pregunta polo concurso da xefatura do Servizo de Extensión Universitaria.

A xerenta responde que se traerá o concurso específico na vindeira reunión.

O presidente da Xunta PTXAS indica que as persoas propostas para as aperturas especiais da biblioteca son Nuria Andión, Pablo Álvarez, Carmen Veleiro e el mesmo. Pide tamén que se trate de elaborar un calendario para tratar a carreira profesional.

Patricia Sio pregunta pola cobertura das dúas xefaturas de sección do Servizo de RRHH de Investigación.

A xerenta responde que xa está enviada a orde ao Servizo de PAS.

Carmen Veleiro pregunta por como será a cobertura dunha posible baixa dunha das persoas que tomen posesión do subgrupo A2.

A xerenta indica que de momento non hai ningunha decisión tomada ao respecto.

Nuria Andión pregunta pola compensación das 4 horas da acción formativa para o persoal de conserxería en quenda de tarde. Entende que esa compensación non debe ser en tempo senón que debería ser de xeito económico.

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios



A xerenta responde que a nota informativa publicada reconece que se compensará en tempo as horas adicadas á formación para o persoal en quenda de tarde.

José Manuel García Eirín pregunta pola petición que se fixo de servizos mínimos para a folga do 15 de outubro.

A xerenta indica que se lle comunicou á Consellería os servizos mínimos solicitados, e unha vez confirmado pediráselles aos responsables que persoas cubrirán eses servizos mínimos.

Carmen Veleiro pregunta pola convocatoria de acción social para compensación dos gastos de matrícula.

A xerenta responde tentarán que saia no mes de novembro.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 14:00h.

A xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

O presidente da Xunta PTXAS

Carlos Mollinedo Lois

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
02/12/2025 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios

